

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FUNDACIÓN MONTE DO GOZO "PROXECTO HOME GALICIA" PARA A REHABILITACIÓN DUN CENTRO DE ACOLLIDA PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO CON PROBLEMAS DE ADICCIÓN NO MARCO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

### MEMORIA EXPLICATIVA

De conformidade co Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, á Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, como órgano de dirección correspóndelle Impulsar as actuacións conducentes á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero articula medidas dirixidas a reforzar os servizos sociais de información, atención, emerxencia, apoio e recuperación integral, así como o establecemento dun sistema para a eficaz coordinación dos servizos existentes a nivel municipal e autonómico. Establece o dereito das mulleres vítimas de violencia a servizos de atención, de emerxencia, de apoio, de acollida e de atención integral. A organización destes servizos por parte das Comunidades Autónomas e Corporacións Locais responderá aos principios de atención permanente, atención urxente, especialización de prestacións e multidisciplinariedade profesional.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, regula no seu artigo 48 a Rede galega de acollemento indicando que os centros de acollida son recursos especializados residenciais e temporais que lles ofrecen acollemento, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero e que garantirán un tratamento integral de atención e/ou de recuperación, que abranga aspectos psicolóxicos, educativos, socio-laborais e xurídicos e favoreza a normalización da situación persoal das mulleres, da súa unidade familiar e a superación dos efectos da violencia.

A Comunidade Autónoma de Galicia conta cun centro pioneiro para mulleres vítimas de violencia de xénero con enfermidade mental, pero ata o de agora non contaba con ningún centro para mulleres vítimas de violencia de xénero con problemas de adicción. Para paliar esta situación e tendo en conta que na Comunidade Autónoma de Galicia aproximadamente o 20% das mulleres vítimas de violencia de xénero que necesitan facer uso dun recurso de acollemento presenta problemas graves de adicción sendo esta unha das principais causas que impide o seu ingreso nalgún dos recursos da Rede



Galega de Acollemento, vaise por en marcha un centro de acollida, titularidade da Fundación Monte do Gozo.

A Fundación Monte do Gozo, fundación clasificada como entidade benéfico-asistencial privada e declarada de interese galego e inscrita no Rexistro de fundacións así como recoñecida e inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-160, desenvolve na Comunidade Autónoma de Galicia, a través do Proxecto Home Galicia, distintos programas de atención, rehabilitación e reinserción social de persoas adictas, que teñen un modelo teórico de intervención común, deseñado como unha consecución de etapas ou fases e determinante para que a persoa usuaria acade a súa rehabilitación e integración sociolaboral. Ante a diversidade e heteroxeneidade dos factores que determinan a problemática da persoa adicta, resulta conveniente adoptar perspectivas multidisciplinares, implicando e interrelacionando aspectos sociais e individuais.

O obxecto deste convenio é contribuír a través da concesión directa dunha subvención ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade á entidade Fundación Monte do Gozo "Proxecto Home" para a realización de diferentes actuacións na casa de acollida, da cal é titular situada na cidade de Santiago de Compostela. A finalidade deste convenio é a rehabilitación e reforma do centro para que o espazo conte cunhas dotacións e equipamento precisos para dar resposta ás necesidades das usuarias de xeito integral xa que o espazo que habitas, malia ser un recurso de acollida, xoga un papel chave no benestar tanto físico como emocional de quen está nun proceso de restablecemento e iniciando un proxecto vital alternativo.

Realizaranse diferentes actuacións de renovación dos espazos da casa de acollida, así como a renovación de distintos elementos de equipamento da casa e a adquisición doutros que permitan mellorar a confortabilidade dos espazos de convivencia e a dotación de mellores elementos técnicos, levaranse a cabo obras de reforma e adecuación de espazos, entre outros: demolicións interiores e adecuación estrutural, redistribución e adecuación funcional dos espazos, rehabilitación e mellora envolvente, mellora das prestacións térmicas e acústicas para garantir confort e eficiencia enerxética, renovación integral de instalación, accesibilidade universal e eliminación de barreiras, protección contra incendios e seguridade, adquisición do equipamento necesario, licencias e taxas e honorarios profesionais.

A Consellería de Política Social e Igualdade e a Fundación Monte do Gozo comparten intereses comúns, sendo de suma importancia establecer mecanismos e vías de colaboración que coadruen na consecuencia dos obxectivos perseguidos, resultando pertinente establecer vías de colaboración que fomenten a mellora dos centros de acollida para as mulleres vítimas de violencia de xénero existentes en Galicia.



A concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionalar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar o primeiro recurso de acollida existente en Galicia para ás mulleres vítimas de violencia de xénero con problemas de adicción axeitado e cuns espazos de confort para atender a un colectivo especialmente vulnerable e que teña como finalidade proporcionar unha residencia temporal que cubra as necesidades básicas e de seguridade para as mulleres vítimas de violencia adaptándoo as necesidades e condicións de ditas mulleres e ofrecendo ademáis un proceso de recuperación terapéutico, promovendo así os servizos establecidos na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Este centro formará parte da Rede Galega de Acollemento, e polo tanto é un recurso especializado que non só ofrece acollemento senón garante un tratamento integral de atención e/ou recuperación que favoreza a normalización da situación persoal das mulleres.

Deste xeito, tendo en conta a especificidade das características do proxecto e a ausencia no ámbito territorial de aplicación de entidades alternativas que dispoñan da infraestrutura material e medios humanos esixibles e a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade, segundo o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, en tanto que se trata de persoas vulnerables e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social, quedando xustificada a imposibilidade de promover a concorrencia pública en relación ao artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro

